

## PROPOSTAS DE EAPN-GALICIA SOBRE O PLAN DE ACTUACIÓN SOCIAL 2010-2013. HORIZONTE 2015

Tras teren realizado unha análise sobre o contido do Plan de Actuación Social 2010-2013 proposto pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia o pasado mes de marzo, atopamos nel posibilidades de mellora, polo que pasamos a enumerar as suxerencias de EAPN Galicia:

**1 ►** O documento adolece de homoxeneidade, é dicir afonda de xeito irregular nas diversas propostas o que fai complexa a súa análise; entendemos que isto podería mellorarse realizando o **desenvolvemento das propostas no mesmo nivel**, pois trala proposta dos eixos e os obxectivos xerais, ás veces afóndase en obxectivos operativos/medidas e outras non. Ademáis trabúcanse con frecuencia obxectivos con medios ou medios con resultados esperados; salientamos aquí algúns exemplos:

→ “Impulsar o desenvolvemento das medidas de conciliación en particular familias monoparentais, numerosas ou con integrantes dependentes” recollido coma obxectivo dentro da prioridade de “Crecemento Demográfico de Galicia”, dentro do plan para o “Rexuvenecemento de Galicia”: dito impulso é unha ferramenta, non pode ser un obxectivo impulsar as medidas, o obxectivo será o que se pretenda lograr co impulso de ditas medidas.

→ Acadar a cifra de 21.532 prazas en escolas infantís para o 2013 (partindo de 15.830 no 2010), tampouco é un obxectivo en sí mesmo, senón unha medida ou case que un indicador para conquistar que?, por exemplo unha maior taxa de incorporación da muller xoven ao mercado de traballo, ou por exemplo, cubrir a totalidade do período de vida da infancia coa posibilidade de escolarización para lograr determinados resultados educativos, ou ambas cuestións, ou outras.

→ Noutras ocasións, o contido dos obxectivos é, senon o obvio, o recollido na lexislación vixente; dicir por exemplo, en referencia ao eixo estratéxico de “Xestión da Demanda” na “Atención ás Persoas en situación de Dependencia” que un dos obxectivo é “Responder coa máxima celeridade ás peticións...”. O obxectivo debería ser efectivamente dita redución no tempo de resposta, máis: canto?, de feito o primeiro que hai que acadar e o cumprimento do establecido na normativa de referencia, e iso xa non pode considerarse un obxectivo estratéxico, senón unha obriga legal.

→ De xeito especial salientamos a falla de coherencia entre os eixos estratéxicos e os obxectivos do Plan Sociolaboral, xa que non son coincidentes os da proposta cos da explicación (páxinas 49 e 50 do documento).

Entendendo que este plan xeral é un documento de bases ou liñas xerais, un plan de plans, pensamos que o correcto sería quedarse coma moito no nivel de obxectivos xerais, remitindo ao desenvolvemento dos plans sectoriais (no caso de que existan) os obxectivos operativos/medidas e os **indicadores** (válidos, fiables e consistentes). No caso dos eidos sen plan sectorial previsto, debería descenderse xa aquí a ditos niveis, de xeito moi especial no caso do Plan Sociolaboral.

**2 ►** Valorando positivamente o desenvolvemento dos plans sectoriais que se mencionan: novo Plan estratéxico de Xuventude, novo Plan de Promoción e Atención Integral ás Familias, novo Plan Galego de Persoas Maiores, así coma Plan Integral de Promoción e Atención de Persoas con Discapacidade; botamos en falla:

→ Referencias aos plans vixentes, especialmente ao II Plan Galego de Inclusión Social, e tamén aos que rematan no presente 2010, coma o PEGIA, o Plan Galego do Voluntariado e, aínda que teñan outros departamentos de referencia, o Plan Galego de Igualdade entre Homes e Mulleres e o Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Inmigración, xa que así coma os liderados pola Consellería de Traballo e Benestar han xestarse coa colaboración trasversal dos outros departamentos do goberno, as iniciativas en materia de Igualdade e de Inmigración han

ser participadas de xeito especialmente intenso por Traballo e Benestar. Entendemos necesario **que se avalíen**, e que ditas avaliacións, das que se podan substraer as leccións aprendidas sirvan de base para a nova planificación estratéxica.

En referencia ás transversalidades, é necesario garantir unha **maior vinculación entre as políticas contra a discriminación e as políticas para combater a pobreza e a exclusión social**: existe unha relación clara entre discriminación e pobreza. Isto cubre todas as formas de discriminación, entre elas a constatación de que as mulleres sufren máis a pobreza que os homes. Tamén, a crise actual puso de manifesto a especial vulnerabilidade dos migrantes e, en particular, dos migrantes en situación irregular. Ademais, as minorías étnicas atópanse en peor situación de pobreza, que alcanza niveles extremos na meirande parte dos membros da comunidade traveller e romaní. Polo tanto, as políticas e accións para combater a pobreza e a exclusión social deben atender as realidades específicas dos grupos que sufren discriminación, así como abordar as dimensións de xénero nas realidades da pobreza e a exclusión social.

→ Outra cuestión salientable, é a falla de referencia aos **procesos de participación** dun xeito ordenado; non se fai mención a ningún dos órganos consultivos, de participación e asesoramento, previstos na normativa vixente, creados ou pendentes de constituír o cal dificulta os procesos de participación, especialmente a canalización de propostas en tempo e forma; é positivo abrir o debate á participación xeral de cidadáns, entidades e colectivos vinculados ás temáticas a tratar, pero entón é tamén necesario transparentar dito proceso, os prazos e os requisitos de participación. En todo caso incidimos na necesidade de redinamizar os Órganos Consultivos e de Participación, tal e coma fixemos na Resolución 1/2010 de EAPN Galicia sobre o tema de referencia.

**3 ►** En canto a elaboración do nomeado neste Plan coma “ferramentas” lembramos que tanto o Mapa Galego de Servizos Sociais coma a definición do Catálogo de Servizos Sociais xa debían estar desenvolvidos regulamentariamente segundo o establecido na Lei 13/2008; se ben é comprensible certo retraso a causa do cambio de goberno non debería demorarse moito máis, de feito, esta proposta estratéxica tería un marco moito máis consistente se estas “ferramentas” estiveran xa desenvoltas e se elaborase a posteriori, xa coma o Plano a 6 anos esixido polo artigo 45 da mencionada Lei.

4 ► En referencia ao peso do Plan Sociolaboral e dos 3 eixos expostos na páxina 49 do documento, a saber: *Novas profesións na atención á dependencia e fomento do emprego de persoas con dificultades para a súa integración laboral; Conciliación da vida laboral e familiar; e Impulso ao tecido empresarial para a actividade no ámbito dos servizos sociais;* pensamos sería bo establecer neste punto, en referencia ao primeiro e o terceiro dos eixos, un mínimo de **reserva de mercado**, tal e coma propoñemos na Resolución 2/2010 de EAPN Galicia sobre Cláusulas Sociais e Reserva de Mercado na Contratación Pública. Entendemos fundamental plasmar o enfoque da Responsabilidade Social Corporativa nese pulo ao tecido empresarial, e reiteramos que si este Plan Sociolaboral se desenvolve só neste documento, a proposta é incompleta; se se vai ampliar a posteriori, entendemos contarás tamén coas entidades de Acción Social para a súa realización.

Así mesmo salientamos que se ben compartimos a idea de que a inserción laboral é unha das mellores vías de evitaren a exclusión, transmitimos aquí a mesma reflexión que dende EAPN Europa faise sobre as propostas integradas da Comisión Europea sobre a Estratexia Europa 2020: “as medidas para axudar ás personas a que accedan aos postos de traballo só poden funcionar se van da man co compromiso de garantía dos dereitos, do aseguramento do acceso directo de todo o mundo aos servizos vitais coma unha vivenda digna, educación e saúde, garantindo unha renda adecuada e unha protección social e seguridade social efectivas”. Incluso antes da crise, a estratexia de “crecemento e traballo” non estaba a ter éxito á hora de conseguir unha redución da pobreza na meirande parte dos Estados membro. A pesares do compromiso dos Xefes de Estado e de Goberno para lograr un forte impacto na redución da pobreza e a exclusión social no ano 2010, unha porcentaxe similar ao do ano 2000 permanece en situación de pobreza ou exclusión social. O Comité de Protección Social salientou que, mentres o crecemento levou a un aumento xeral dos estándares de vida “a miúdo aumentaron as desigualdades, e a pobreza e a exclusión social seguen a ser un grave problema”. Mentras que EAPN **está de acordo en que o emprego digno é un instrumento vital** para promover sociedades inclusivas, é necesario un apoio explícito dende un enfoque de **Inclusión Activa**, enfoque respaldado pola recomendación de outubro de 2008 e o EPSCO de decembro de 2008 que garantirían unha visión integral que apoie a inclusión social nos postos de traballo,

así como a participación social. Aínda que se presta atención a creación e defensa do emprego, deben detallarse os pasos a seguir sobre cómo se crearán empregos de calidade que saquen ás persoas da pobreza, especialmente en novas áreas de necesidade social, **recoñecendo o papel clave da economía social, especialmente o traballo das empresas de inserción social.**

**5 ►** Por último, no cadro de orzamento xeral, sería bo diferenciar polo menos as cantidades previstas para **novas medidas contra as que xa existen**; así coma revisar a porcentaxe establecida para **colectivos en risco de exclusión**, pois outras que en moitos casos poden ser complementarias, están moito máis reforzadas. Asemade a previsión anual e a súa significación sobre o orzamento total da nosa Comunidade Autónoma e o PIB galego, serían datos importantes que transparentar ao longo de cada un dos exercicios.

Maio 2010

Somos membros de EAPN Galicia:

- ACCEM Galicia
- Asociación Galicia Acolle
- Asociación Plataforma polo Emprego
- Cáritas Diocesana de Ourense
- Cáritas Diocesana de Tui - Vigo
- Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
- Cruz Vermella
- Emaús Fundación Social
- Federación Autismo Galicia
- Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES GALICIA)
- Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)
- Fundación Meniños
- Fundación Secretariado Xitano
- Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES 3)